

CERTIFICADO

Juan Marquina Fuentes, secretario xeral da Deputación Provincial de Ourense
CERTIFICO:

Que o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria realizada o día 27 de xuño de 2022, adoptou o seguinte acordo:

Modificación da base de execución n.º 90 do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense.

1º.- Aprobar inicialmente a modificación da base de execución núm. 90 do orzamento xeral da entidade, relativa á contía e forma de pagamento das asignacións aos grupos políticos desta institución provincial, introducindo un novo apartado que recolla a previsión seguinte: “O grupo político prexudicado ou diminuído na súa composición por un caso de transfuguismo político non deberá sufrir merma institucional ningunha nos medios e asignacións económicas e administrativas que como tal grupo lle correspondese con anterioridade, manténdose invariable, para os efectos da determinación do compoñente variable da asignación, o número de deputados obtidos pola formación política na convocatoria electoral precedente. No caso de existir diferenzas económicas entre as entregas a conta mensuais e as cantidades resultantes de aplicar a previsión anterior tras un caso de transfuguismo político, axustaranse estas, de proceder, na liquidación de final de mandato”.

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tralo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.



E para que conste, -nos termos do artigo 206 do vixente ROF-, expido este certificado en Ourense, na data de sinatura electrónica deste documento.